



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MIÑO

*Anuncio relativo á resolución de recursos de reposición presentados contra a aprobación definitiva do inventario municipal de camiños do Concello de Miño*

O Pleno municipal do Condello de Miño, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de febreiro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Primeiro.- Desestimar os recursos de reposición números 1,3,4,5,11,14,15,16 e 17 de conformidade coa proposta técnica efectuada pola empresa redactora do ICM como do informe emitido polo secretario acctal municipal.

Segundo.- Estimar os recursos de reposición nº 2 e 6 procedendo a baixa do activo 1C.1.0295 e proceder á modificación do trazado do activo 1C.1.0575 do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Miño, de conformidade coa proposta técnica efectuada pola empresa redactora do ICM como do informe emitido polo secretario acctal municipal.

Terceiro.- Aprobar definitivamente o Inventario de camiños municipal do Concello de Miño, coas modificacións derivas dos recursos de reposición estimados.

Cuarto.- Proceder á notificación do acordo que se adopte a cada unha das persoas recorrentes de maneira individualizada, con indicación dos recursos que correspondan, achegando a proposta de resolución efectuada pola empresa redactora do ICM e proposta de resolución do secretario acctal.

Quinto.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no BOP da Coruña, para xeral coñecemento, no que se indique que contra o dito acordo non se poderá interpoñer novamente recurso potestativo de reposición, artigo 124.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sexto.- Unha vez autorizado o Inventario de camiños municipal e tras o visto e prace do presidente da Corporación, remitir unha copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.”

En cumprimento do disposto na normativa vixente, pola presente publícase o acordo de aprobación definitiva do Inventario de camiños municipal do Concello de Miño no BOP para xeral coñecemento.

Miño, 21 de febreiro de 2025

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

2025/1230